



## CONCELLO DE PONTECESO

r/ Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00

Fax: 981 71 50 28

-mail: correo@ponteceso.net

CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

### ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA "MELLORA DE ACCESIBILIDADE E SINALIZACIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE PONTECESO, PRAIA DE BALARÉS, HERMIDA, OSMO E RUTA PRG-148."

#### Asistentes:

Presidente: Xosé Lois García Carballido

#### Vogais:

Francisco J. Ulloa Arias  
J. Andrés Breijo Castrillón  
Carlos Penedo Casmartiño  
José Manuel Pose Verdes  
María Carmen Seoane Bouzas

O día 25 de setembro de 2017, ás 18:30 h, no salón de plenos da casa do Concello de Ponteceso reúnense os membros da Mesa de Contratación da obra "MELLORA DE ACCESIBILIDADE E SINALIZACIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE PONTECESO, PRARIA DE BALARÉS, HERMIDA, OSMO E RUTA PRG-148."

Secretario: Fernando Naya Abeleira

1.- Apertura dos sobres A e C, se procede, para licitar a obra denominada "Mellora de accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos do Concello de Ponteceso, Praia de Balarés Hermida, Osmo e ruta PRG-148".

Aberto o acto polo alcalde, procedeuse á apertura dos sobres "A" relativos á documentación que contempla a cláusula 12.1 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) das obras mencionadas no parágrafo anterior. As empresas licitadoras foron:

- OBRAS Y VIALES CERNE, S.L.
- SYR-AMG, S.L.U.
- SIMER OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.
- GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L.
- AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS, S.L.
- JARDINERÍA ARCE, S.L.

A continuación procedeuse á apertura dos sobres "C" relativos á oferta económica cos resultados seguintes:

NOME DA EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA
- OBRAS Y VIALES CERNE, S.L.	52.344,60 €
- SYR-AMG, S.L.U.	53.988,95 €
- SIMER OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	54.644,10 €
- GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	54.334,51 €



Tel.: 981 71 40 00

Fax: 981 71 50 28

-mail: correo@ponteceso.net

CIF: P1506900H  
REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

### CONCELLO DE PONTECESO

r/ Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

- CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L.	65.298,78 €
- AQUABLUÉ SISTEMAS CONSTRUCTIVOS, S.L.	64.750,04 €
- JARDINERÍA ARCE, S.L.	58.315,95 €

Previamente á apertura do sobre C da empresa Jardinería Arce, S.L., someteuse a votación dos membros da mesa de contratación se se estimaba que dita empresa presentara en prazo a súa proposta, xa que na certificación expedida pola persoa encargada do rexistro de entrada de documentos do concello non consta dita presentación; por outra banda o alcalde achega hoxe unha xustificación de correo electrónico de que si a presentou.

Votaron a favor de estimar a proposta de Jardinería Arce, S.L., todos os membros da mesa de contratación, agás os vogais María Carmen Seoane Bouzas que votou en contra e Francisco Javier Ulloa Arias que se abstivo alegando que faltaban elementos imprescindibles para pronunciarse.

En aplicación da cláusula 15.3 dos pregos "ofertas con valores anormais ou desproporcionados", ao existir máis de catro ofertas considérase con valor anormal ou desproporcionado a oferta de OBRAS Y VIALES CERNE, S.L. por 52.344,60 €; polo que en cumprimento da cláusula 15.3.1 o presidente desta mesa de contratación propón notificar esta circunstancia á empresa citada para que dentro do prazo de tres días hábiles xustifique dita oferta, acompañando a documentación á que se refire o apartado 3.3. da cláusula 15.

Ás 19:35 h o alcalde dá por rematada a sesión.

